
DESCRIPCIÓN DOS RECURSOS TÉCNICOS EMPREGADOS NO PROXECTO

Os contidos e actividades das cinco unidades didácticas que conforman o noso proxecto están aloxadas como un curso da aula virtual da plataforma MOODLE de tal xeito que se poida instalar a copia do curso que presentamos en calquera outra aula virtual da plataforma MOODLE. O administrador da aula virtual de cada centro será o encargado da súa instalación no departamento correspondente e de permitir o acceso ao curso ao profesor e ao alumnado interesado.

O curso está elaborado e organizado empregando as seguintes aplicacións informáticas:

- **eXelearning**
- **Hot potatoes**
- **JClic**

1. **eXelearning**: programa que pode executarse en LINUX e WINDOWS e que nos permitiu crear apuntes dixitais en forma de páxina web, incluíndo distintos tipos de actividades con imaxes, textos etc. Exportamos o resultado como SITIO WEB en arquivo zip para subilo á plataforma educativa MOODLE.

Non é necesaria a instalación deste programa, máis se alguén está interesado en elaborar material dixital empregando esta aplicación recomendamos ir á web oficial do software: <http://exelearning.org/> .

2. **Hot potatoes**: aplicación que permite a creación de exercicios educativos que se poden realizar a través da web. Non é necesaria a súa instalación nos ordenadores dos centros para a correcta visualización dos exercicios.

A súa licenza non é libre, pero a partir do 1 de setembro do 2009 distribúese a versión sen limitacións a través do seu sitio web: [Hot Potatoes 6.3 installer](#) .

Téñense observado certas incompatibilidades con algúns navegadores como Firefox.

3. **JClic**: aplicación para a creación, realización e avaliación de actividades educativas multimedia, desenvolto en linguaxe de programación JAVA. Non é necesario para a

súa correcta visualización nos centros ter instalado o programa JClic, pero é absolutamente imprescindible ter instalada a linguaxe de programación JAVA (<http://www.java.com/es/download/>).

Trátase dun software libre que pode executarse en distintos sistemas operativos como LINUX e WINDOWS. A través do seu sitio web oficial <http://clic.xtec.cat/es/index.htm>, pódese descargar o programa.